



DEPUTACIÓN DE LUGO

Anuncio do trámite de información pública do Proxecto de construcción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 "Cinturón comarcal" do P.K. 106+500 ao 107+887. Pol-Castroverde.

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

Construcción de puente sobre el Río Azúmara, ensanche y mejora de la LU-P-1611 "Cinturón comarcal" del P.K. 106+500 al 107+887. POL-CASTROVERDE

EXpte GTM: 2022/CON_02/000069

A Xunta de Goberno da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 12 de decembro de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"... PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDA, DA ESTIMACIÓN PARCIAL DAS ALEGACIÓNS DO RECURSO DE REPOSICIÓN AO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL" DO P.K. 106+500 AO 107+887. POL-CASTROVERDE. Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O 24/11/2023, con nº de rexistro de entrada 2023RT017999, Dona Alicia Seijas Eiras, actuando no seu propio nome como sucesora de Don José Seijas Domínguez e en interese dos herdeiros de Don José Seijas Domínguez, presentou un recurso potestativo de reposición, contra os seguintes actos:

(i) aprobación definitiva do "Proxecto de construcción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 "Cinturón comarcal" do P.K. 106+500 ao 107+887. Pol-Castroverde", aprobado pola Xunta de Goberno do 07/10/2022; e (ii) aprobación definitiva do Anexo de expropiación do citado proxecto por acordo da Xunta de Goberno do 20/10/2023.

Ante isto, manifestase o seguinte:

1.- Con relación á aprobación definitiva do proxecto de construcción:

O artigo 21.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia afirma textualmente o seguinte: "O trámite de información pública en materia de estradas levarase a cabo durante un prazo mínimo de trinta días hábiles".

O artigo 49.4 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia e que desenvolve o artigo 21 da citada lei, di textualmente:

"(...)en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme, (...)".

Ao non estar contidas en ningunha das clasificacións anteriores as obras contempladas no "Proxecto de construcción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 "Cinturón comarcal" do P.K. 106+500 ao 107+887. Pol-Castroverde", terán a clasificación de nova estrada, polo que procede a exposición ao público de novo do citado proxecto por un prazo de trinta días hábiles.

..."

En cumprimento do acordo da Xunta de Goberno de 12 de decembro de 2023, e tal e como se dispón no art. 21, apartado 2, da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, ábrese un período de información pública en materia de estradas, por espazo de TRINTA (30) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Diario Oficial de Galicia, nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados (Pol e Castroverde) e, como mínimo, en dous medios de comunicación de entre os de máis difusión no ámbito de actuación.

	IV7XQ6KMZBEDT7BZSQIEM4BBCA	Fecha y Hora	05/04/2024 12:26:58
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQ6KMZBEDT7BZSQIEM4BBCA	Página	1/2

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial
<https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, asinado dixitalmente.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 04-07-2023
O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo.: Pablo Rivera Capón

	IV7XQ6KMZBEDT7BZSQIEM4BBCA	Fecha y Hora	05/04/2024 12:26:58
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQ6KMZBEDT7BZSQIEM4BBCA	Página	2/2

